



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa

Rúa Entrante nº7
36600 Vilagarcía de Arousa
Telfs: 986 566 440 – Fax: 986 566 450

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía
Adaptación das Programacións Didácticas
Curso 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa

Rúa Entrante nº7
36600 Vilagarcía de Arousa
Telfs: 986 566 440 – Fax: 986 566 450

ÍNDICE

- 1. Marco legal**
- 2. Avaliación e cualificación (con carácter xeral).**
- 3. Adaptacións dos departamentos**
 - Alemán**
 - Francés**
 - Inglés**
 - Italiano**
 - Portugués**
- 4. Información e publicidade.**



1. Marco Legal

As programación didácticas da Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía foron elaboradas polos departamentos, e una vez analizadas pola comisión de coordinación pedagóxica, elevadas ao claustro para a súa aprobación. Entraron en vigor ao seren aprobadas na reunión ordinaria do claustro de profesores do 16 de outubro, xunto coa programación xeral anual.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública que foron seguidas da declaración, o 13 de marzo, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Entre as medidas preventivas adoptadas no mencionado Acordo do 12 de marzo, respecto do ensino non universitario, establécese a suspensión das actividades académicas.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, a súa aplicación, de conformidade co previsto na lexislación, significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

No tempo transcorrido desde entón, a administración educativa da Xunta de Galicia tivo que adoptar diferentes decisións, algunhas de carácter provisional e suxeitas a modificacións en función da evolución da pandemia. Ao longo destas semanas, longas e difíciles, docentes, alumnado e familias están a dar exemplo de responsabilidade e adaptación a unha situación excepcional que ten alterado por completo o desenvolvemento do curso escolar 2019-20.

Pola súa parte, o Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19.

Dita norma, que ten carácter básico, modifica o marco normativo que rexe o desenvolvemento do curso 2019/2020 e flexibiliza os criterios para promoción e titulación nas diferentes etapas educativas, quedando sen efecto o criterio do número de materias non superadas.

Neste contexto, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa dita as *Instrucións do 27 de abril de 2020, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* para a aplicación de dita norma básica por parte dos centros educativos, no terceiro trimestre do curso 2019/2020, en aspectos como a programación e o desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe, a avaliación, a promoción e a titulación do alumnado galego dos distintos cursos e niveis, tendo en conta tamén as necesidades do conxunto da comunidade educativa, desde os docentes, ata o alumnado e as súas familias.

As adaptación das programación afectará aos cursos de promoción xa que as probas de certificación (A1/A2, A2, B1, C1.2 e C2) axustaranse ao recollido no Real Decreto 1/2019 e na Circular 8/2019.



2. Avaliación e cualificación (con carácter xeral)

Avaliación	Procedementos: observacións, análise das producións, intercambios orais, probas específicas, participación
	Instrumentos: recollida e rexistro de tarefas, traballos individuais e/ou en grupo, exposicións orais/debates e proba de progreso
Cualificación final	<p>A adquisición das aprendizaxes dos obxectivos xerais e das competencias e contidos imprescindibles nas actividades lingüísticas traballadas darán lugar á cualificación <i>promociona/non promociona</i>. Esta poderá acadarse a través de algunha ou todas estas posibilidades:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Proba parcial de progreso2. Avaliación holística do cumprimento dos obxectivos xerais e da adquisición das competencias imprescindibles.3. A aplicación das grellas de avaliación do nivel adaptadas ás competencias e obxectivos traballados ata febreiro
Proba extraordinaria	Basearase nos obxectivos, competencias e contidos básicos da PD



4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informará a través dos medios de contacto habitual co seu grupo: correo electrónico, aulas virtuais e outras plataformas telemáticas. Información dende o centro mediante CentrosNet (individualizada).
Publicidade	O centro publicará as modificacións na portada da web. Daráselle publicidade a través de CentrosNet e a súa app así como as redes sociais.

Para asegurarse de que a información chega a todo o alumnado, empregaremos os datos dispoñibles nos rexistros do centro e empregaremos fundamentalmente a mesma ferramenta de comunicación utilizada durante a matrícula e a entrega de cualificacións (CentrosNet). Tamén publicaremos información xenérica nas redes sociais para acadar a máxima difusión.

Faremos todo o posible para que todo o alumnado poida establecer contacto coa persoa docente encargada do seu grupo, se aínda non o fixera con anterioridade.

Abordaremos, dentro das nosas posibilidades, os casos con dificultades de xeito individual para proporcionar solucións adaptadas á realidade de cada estudante.